

**Os alófonos fantásticos.**  
**Poemas descoñecidos de Álvaro Cunmqueiro**

**Iago Castro Buerger**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

CASTRO BUERGER, IAGO (2011 [2004]). “Os alófonos fantásticos. Poemas descoñecidos de Álvaro Cunqueiro”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2004, 30-39. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1050>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

CASTRO BUERGER, IAGO (2004). “Os alófonos fantásticos. Poemas descoñecidos de Álvaro Cunqueiro”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2004, 30-39.

\* Edición dispoñíbel desde o 19 de xullo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## Os alófonos fantásticos

### Poemas descoñecidos de Álvaro Cunqueiro

IAGO CASTRO BUERGER

Entre as moitas traducións que realizou Álvaro Cunqueiro cando coordinaba o suplemento cultural dominical de *Faro de Vigo* “Letras”, atópanse unha serie de poemas de autores inexistentes que veñen a ser uns novos personaxes do macrotexto cunqueiriano. Estes escritores inventados por Cunqueiro son os que demos en chamar alófonos fantásticos, que hoxe presento aquí cos seus poemas.

Among the many translations that Álvaro Cunqueiro did when he coordinated the *Faro de Vigo*'s Sunday cultural supplement, we find a series of poems by non-existent authors who became new characters within Cunqueiro's macrotext. These writers, who were invented by Cunqueiro, are what we have begun to call fantastic “allophones” (or persons who speak and write in a language different from their own) and are introduced here along with his poems.

Ninguén dubida hoxe da centralidade que ocupa a obra de Álvaro Cunqueiro na historia do sistema literario galego. Proba disto son os numerosos e afortunados estudos que a crítica realizou a propósito da súa obra poética, dramática e por suposto narrativa. Porén, penso que existen algunhas lagoas no referido á súa obra xornalística e ao seu traballo coma tradutor, eidos nos que a crítica non ten afondado abondo e que veñen a conformar de seu o macrotexto cunqueiriano.

De feito, alén da existencia dalgunhas senlleiras achegas de moito valor como as de González Gómez (1990, 1991, 2003) ou Pazos Balado (1991) para as traducións, certas comunicacións en congresos verbo do traballo xornalístico de autor (1991), ou aspectos máis biográficos e ideolóxicos tratados polos seus compañeiros Faginas (1987) e Fernández Del Riego (1991), ata o de agora non se analizou a inequívoca relación da súa obra xornalística co resto do texto cunqueiriano —onde coinciden non poucas referencias a ciclos temáticos, motivos e teimas que moran nos seus libros— nin tampouco se realizou unha edición completa dos poemas traducidos, abofé significativa tanto pola escolla de autores coma polos lugares comúns que se poden visitar respecto aos versos de seu.

Por estes motivos o grupo de investigación da Universidade de Vigo, “Álvaro Cunqueiro, tradutor”, acometeu a tarefa de peneirar o material do mindoniense no diario en que desenvolveu a meirande parte da súa produción xornalística, o *Faro de Vigo*<sup>1</sup>, onde escribiu case que ininterrompidamente desde 1958 ata o seu falecemento. Deste xeito, recollemos a produción de Cunqueiro no *FV* que abrangue a columna de opinión, o vaticinio deportivo, distintos diarios de viaxe (nomeadamente o Camiño de Santiago e mais unha xira pola Bretaña), a crítica literaria, a tradución de poemas e tamén versos propios. Cómpre lembrar que a vinculación laboral de Cunqueiro co *FV* durante estes anos foi mudando, xa que desde unha ligazón primeira coma columnista pasou a ingresar o primeiro de xullo de 1961 no cadro de persoal da redacción, o que aliviaría notablemente unha situación de precariedade económica, como afirma o seu biógrafo e compañeiro no xornal Armesto Faginas (1987:

240-241). Desde aquela Cunqueiro levou a cabo unha intensa actividade xornalística, profesional, a tal punto de ocupar os cargos de subdirector (1964-1965) e director (1965-1970) ata que puido deixar o traballo diario na redacción e facerse cargo tan só da súa columna máis emblemática, “El Envés”, e da coordinación do suplemento cultural dominical “Letras”, lugar onde agromaron estas novas herbas da senlleira colleita cunqueiriana que aquí vou presentar.

## O suplemento “Letras”

Cabo do labor con máis ou menos pulsión xornalística<sup>2</sup>, nestes anos Cunqueiro asume a coordinación do suplemento cultural semanal do *FV*. Nos seus comezos, por voltas de 1962, recibirá o nome de “Arte y Letras” que había perdurar ata que en 1967 se reduciu a “Letras”. A súa periodicidade nos dous primeiros anos de existencia foi bastante irregular, mais xa acostumaba saír os domingos, día que se converteu en inamovible unha vez que se estabilizaron as súas aparicións a partir de 1964. Este ano tamén é relevante en canto ao uso do galego, xa que a súa presenza vai aumentar progresivamente a partir das illadas mostras que temos dos dous primeiros anos, conforme se ía suavizando devagar a pechazón imposta polo franquismo á representación pública das linguas non oficiais do estado.

Na feitura deste suplemento Cunqueiro contou coa inestimable axuda do home que máis se esforzou en retornalo ao rego das letras galegas, Francisco Fernández del Riego. Ambos os dous artellaron este lenzo de traducións, recensións e crítica literaria que reactivou e conectou a lenta cultura galega co que acontecía “extramuros”, moitas veces por diante das noticias que chegaban á illada cultura española grazas a verter directamente ao galego artigos de suplementos literarios de xornais como *Le Figaro Littéraire*, *Le Monde* ou *Il Corriere della Sera*. E isto fixérono practicamente ata que finou Cunqueiro en 1981, polo que conseguiron que os máis novos tivesen coñecemento dos repertorios —ora clásicos e consolidados coma pasaxes d’*A divina comedia*, ora contemporáneos e vangardistas coma poetas *beats*— que se producían nos sistemas literarios “normais”, e ademais en galego, polo que debemos dicir que se trata en conxunto dun magno traballo de semente a prol da cultura galega que ata o de agora pouco se tivo en conta.

Para nós, este suplemento vai ser o marco onde se rexistran dous aspectos directamente relacionados coas nosas descubertas: as traducións do mindoniense e mais a presenza dos pseudónimos, aínda que estes dous campos de estudo non aparecen exclusivamente nas páxinas de “Letras”. Pero ade-

mais das numerosas traducións e artigos literarios, non foron poucos os poemas orixinais de Cunqueiro que amenceron no suplemento cultural do *FV*, ben baixo a súa propia sinatura, ben baixo algún pseudónimo moi de seu. Costas González descubriu e divulgou estes poemas en distintas fontes: unha boa parte deles foron incluídos na reedición de *Herba aquí ou acola* (1991) polo seu aliñamento inequívoco coa poesía última do mindoniense; uns outros divulgáronse a través da revista *ANIMA+L* (1-2, 1991) por o compilador considerar que se trataba de composicións propias de libros anteriores, ou por non achar ningunha adscrición posible a eses poemas e seren, simplemente, inclasificables.

## Os pseudónimos

A utilización de pseudónimos por parte de Cunqueiro vén de vello: González Gómez (1990: 17) data no principio da década de 1940 o nacemento do pseudónimo máis prolífico do mindoniense, Álvaro Labrada. Con este nome asinou o *San Gonzalo* (1945) e mais a *Balada de las damas del tiempo pasado* (1945), e seguirá a utilizalo tanto no *FV* coma noutras publicacións. Outro pseudónimo moi utilizado, Patricio Mor (P. M.), aparece xa na sección do *FV* de 1961 “Los Días”.

No entanto, van ser as páxinas do *FV*, e sobre todo as das “Letras”, onde habiten a meirande parte destes falsos nomes do mindoniense. Armesto Faginas (1987: 247) recolle e clasifica algúns deles: tanto Patricio Mor coma Patricio Mindonio foron escollidos en razón ao segundo nome de pía do propio Cunqueiro; o de Benito Moirón débese a un seu tío de Riotorto; e os Seoane —Manuel María, Pedro, S. S.— veñen da familia da súa muller Elvira González-Seco Seoane. Faginas explica outros dous de orixe xa literaria como son Mark ou Marcos Tapley en homenaxe a Dickens, e outra nova aparición do sonado e reiterado personaxe cunqueiriano Felipe de Amancia. Os anteriores pseudónimos verifícanos tamén o compañeiro de Cunqueiro na composición das “Letras”, Francisco Fernández del Riego (1991: 109), quen tamén utilizou un falso nome para asinar as súas críticas literarias: Salvador Lorenzana. A esta listaxe engade González

<sup>1</sup> A partir de agora *FV*. Desde aquí volvo darlles as grazas a Henrique Costas por deitar luz no meu camiño cunqueirófilo, a Manuel Forcadela polos seus sempre atinados consellos e a Marta e Cristina, compañeiras de buscas e descubertas no grupo de investigación.

<sup>2</sup> Hai numerosas opinións de expertos neste eido sobre se Cunqueiro foi realmente un xornalista no sentido académico da palabra, como manifestan Armesto Faginas (1991), González Cerezales (1991) e mais Álvarez Pousa (1991).

Gómez (1990: 17) uns outros nomes e siglas: Crisóstbal Xordán/Jordán, Xusto Cabarcos (X. C.), Ariel García, Manuel da Fonte, C. M., M. B., Carlos Sobrado, Al Farish Ibn Iaqhim al Galizi ou Pedro Mateo.

Cabo dos anteriores pseudónimos, nós podemos engadir cunha precavida certeza uns outros que foron utilizados maioritariamente para asinar artigos literarios nas páxinas do *FV*: Pedro Miranda, Marquesa de Soullier de Saint-Roman, Manuel Bretoña, Benito Sar, Claudina Jardín —coa posterior versión galega Claudina do Xardín— e mais Marcos Novo.

O porqué desta amplísima nómina de pseudónimos podémolo comprender desde unha dobre motivación e funcionalidade. Por unha banda existía certa necesidade profesional provocada pola intensa actividade xornalística que desenvolveu Cunqueiro durante algúns anos, cuestión que confirma Faginas (1987: 247): “É tan extensa e variada a produción diaria de Cunqueiro, que a utilización de pseudónimos resulta obrigada para evita-la reiteración de sinaturas”. Os pseudónimos virían dados, xa que logo, por pura practicidade. Mais as palabras do propio Cunqueiro revélanos unha outra función que se axeita perfectamente na poética do autor, no pracer de inventar, soñar e mesmo confundir, práctica que levará máis alá cos alófonos fantásticos:

Siempre tuve una gran afición a los pseudónimos, y los he buscado en Dickens y usé y uso apellidos que llevaron los míos. El otro día, viajando a La Coruña, para asistir al ingreso de Joaquín Otero Goyanes en la Academia de Jurisprudencia, Isidoro Millán hijo me confesó que creía que las traducciones de poemas que aparecen en “Faro de Vigo”, en la dominical página de “Letras” firmados por Manuel María Seoane, eran de un poeta llamado Manuel María. Me gustan estas pequeñas mixtificaciones. (Armesto Faginas 1987: 247)

## As traducións

Álvaro Cunqueiro xa amosara antes da Guerra Civil o seu gusto por verter poemas ao galego, de feito no número 130 da revista *Nós* (1934) aparece a primeira tradución dun dos seus referentes poéticos, Hölderlin. O estudoso da obra traducida polo mindoniense, Xesús González Gómez (1990:43), non dá con máis traducións “públicas” ata a década de 1950, unha vez que a presión da ditadura se afrouxa un algo e permite certas alegrías culturais. Esta reaparición do Cunqueiro tradutor prodúcese no suplemento cultural de *La Noche*, e tamén en revis-

tas arxentinas coma *Galicia Emigrante*. Pero vai ser a partir da década seguinte cando Cunqueiro se anime a traducir para o galego sen descanso, e farao case que semanalmente no suplemento “Letras” a partir de 1964, o cal non impide que algunhas delas aparezan tamén en *Grial*, ou mesmo dentro da columna diaria do *FV* en “El Envés”, o que demostra ata que punto lle satisfacía este exercicio literario ao noso autor. De feito, Fernández del Riego (1991:179) afirma sobre Cunqueiro que “á parte do labor de creación, figurou tamén entre as súas teimas a de traer á lingua galega aos escritores doutras linguas, a través de obras representativas”, e abofé que o levou a cabo no *FV* de termos en conta o número de poetas e poemas que traduciu nas “Letras”.

Así, as traducións no *FV* van estar marcadas pola súa heteroxeneidade. Só por exemplificar esta afirmación, atopamos desde un anónimo xaponés do século VIII (*FV*7-XI-65) ata un poema do contemporáneo catalán Joan Teixidor (*FV* 16-XI-69). Verbo do repertorio vertido ao galego, González Gómez (1990: 45-48) fai un pequeno inventario dos poetas traducidos clasificándoos segundo a lingua orixinal, así como cita aos autores que en máis ocasións trouxo á nosa lingua. Cómpre destacar que estas traducións estaban asinadas non por Álvaro Cunqueiro, senón por un seu pseudónimo, Álvaro Labrada (A. L.), ou por Manuel María Seoane (M. M. S.), maioritariamente.

Cunqueiro desenvolveu, xa que logo, un traballo pouco menos que invisible durante estes anos a prol do noso sistema literario a través das traducións ao galego no *FV*. Como explica Figueroa (2001: 155-156), a tradución en sistemas minoritarios ten unha función extraliteraria, lingüística, moi forte, xa que nos acubillamos no prestixio do outro. É, polo tanto, unha toma de posición, non na busca de interese comercial, senón perseguindo un capital simbólico. E nisto traballou longo e arreo Álvaro Cunqueiro, por veces sen o filtro da cultura española, como mostran os proxectos de traducións de distintas antoloxías de poetas de literaturas pouco coñecidas desde versións inglesas, tales como as *Follas espaxadas de literaturas extrañas* de Lafcadio Hearn —con moitos textos descoñecidos en castelán—, ou a *Antoloxía clásica china segundo definiu Confucio* da versión de Ezra Pound. O seu compañeiro Fernández del Riego (1991:181) dá conta destes proxectos, que se ben non chegaron a completarse, si amenceron parcialmente nas páxinas das “Letras” do *FV*.

## Os alófonos fantásticos

Unha vez conformado o corpus da obra traducida por Álvaro Cunqueiro no “Letras” —baixo os pseu-

dónimos habituais—, procedemos a localizar os autores cos seus poemas orixinais. Para este fin utilizamos tanto fontes escritas coma buscadores na rede, que na maioría dos casos foron eficientes para a nosa angueira. Mais xurdiu un grupo de autores ilocalizables en ningunha das moitas fontes consultadas, e aquí apareceron estouttras voces do poeta chamado Álvaro Cunqueiro:

Velaquí aqueles que demos en chamar alófonos fantásticos, outras voces, autorías e poemas que Cunqueiro agochou entre as moitas traducións que fan aparecendo no “Letras”. Este termo acuñámolo sen pretensións de anovar cousa ningunha na teoría literaria da alteridade, mais si conscientes de que estabamos diante dunhas voces que cumpría individualizar fronte á heteronimia e á pseudonimia.

Non os considero heterónimos polas mesmas razóns que os sabidos Manuel María Seoane, Álvaro Labrada, Patricio Mor e compañía, ao non posúen esa radical individualidade tanto literaria —como se pode comprobar ao lermos os poemas— coma ideolóxica —no sentido máis amplo da palabra— da que presumía o paradigmático Pessoa cos seus outros.

Diferéncianse dos coñecidos pseudónimos por se constituíren nun grupo de características específicas:

- 1 En primeiro lugar trátase de *outras voces* que se realizan exclusivamente coma poetas (fronte á multifuncionalidade dos anteriores: poemas orixinais, traducións, crítica literaria...).
- 2 Todos eles son de orixe estranxeira, a priori pertencentes a sistemas literarios e lingüísticos alleos ao galego.

Esta segunda característica provoca que, así como semanalmente se asinaban no suplemento cultural “Letras” traducións de autores reais, un pseudónimo tivese que desenvolver o rol de mediador-tradutor para lle proporcionar realismo a estouttras

voces: deste xeito, Manuel María Seoane sorpréndenos co seu dominio de linguas estranxeiras ao traducir directamente do italiano, danés, sueco e romanés, e soamente precisa dunha versión ficticia intermedia en inglés para verter un poema do islandés; por outra parte, Álvaro Labrada exerce de mediador nunha única ocasión e para traducir do romanés ao galego. Ante estes datos, podemos considerar do mesmo xeito que os personaxes Manuel María Seoane e mais Álvaro Labrada son desdobramentos dun mesmo actante coas seguintes características comúns:

- 1 Posuír un enorme dominio das linguas estranxeiras.
- 2 Dispor dunha contrastada sensibilidade literaria e dun cultivado gusto polas letras e a poesía estranxeira.
- 3 Moverse no ámbito galeguista, cando menos na orde cultural, por traducir ao galego e non ao castelán que sería máis doado en todos os sentidos.

Con todo, malia existiren estas especificidades de grupo bastante definido nos alófonos fantásticos, e estaren nun plano ficcional distinto respecto aos pseudónimos que asinaban habitualmente no FV, non debemos esquecer que uns e outros comparten a mesma funcionalidade: ocultar o autor so un nome diferente, é dicir, a sinatura falsa, ademais de engadir calidades intelectuais e literarias a través da transfiguración autorial. Proclamamos, polo tanto, a unidade e individualidade dos alófonos fantásticos, mais non podemos deixar de os considerar como familia ou subgrupo da tribo cunqueiriana de pseudónimos.

Deste xeito, mediante a alofonía fantástica, Cunqueiro aposta por unha quebra da autoría, xa que utiliza o paratexto “nome do autor” como un outro, e primeiro, filtro ficcional, polo que retoma un dos motivos recorrentes nos seus textos como é

Nome	Nacionalidade	Poema	Data
<i>Decio Arveanu</i>	Romanés	“Cando se fina un home”	9-VIII-64
<i>Enzo Carletti da Murona</i>	Italiano	“Eu quixera ter as voces”	10-VII-66
<i>Antonio Bariolim</i>	Italiano	“Os rizos da señora Mac Kenzie”	12-III-67
<i>Eliano Ardeanu</i>	Romanés	“O vagabundo”	23-XI-69
<i>Carlo da Marjolana</i>	Italiano	“Xa foi a terra”	15-II-70
<i>Erik Triggvason</i>	Sueco	“Aínda non sei para que...”	21-VI-70
<i>Argret Svaden</i>	Danés	“A nao de Sigvar Sigvarson”	12-VII-70
<i>Argret Svaden</i>	Danés	“O tempo dos probes”	12-VII-70
<i>Frank Sigmundson</i>	Sueco	“Tantos camiños busquei”	16-VIII-70
<i>Knut Tellanken</i>	Islandés	“Aqueles outros ríos”	27-IX-70
<i>Enzio Buoncompagni</i>	Italiano	“Os tres reises”	27-XII-70
<i>Giorgio Cantalupo</i>	Italiano	“Dende aquelas fiestras”	17-I-71



o da identidade e a dialéctica entre o real e mais a ficción.

Por último, antes de presentar os poemas, cómpre facer algunhas distincións baixo un criterio xeográfico e lingüístico para verificar a invención destes autores e poemas por parte de Cunqueiro. Por unha parte debemos considerar no seu conxunto os autores nórdicos, e proclamar con certeza a autoría destes poemas a Cunqueiro e ao seu gusto pola mixtificación. O profesor Juan Antonio Fernández Romero, experto coñecedor e tradutor das literaturas nórdicas, confirmounos a inexistencia destes autores, así como nos desvelou certas curiosidades lingüísticas: o citado islandés Knut Tellanken é un nome totalmente alleo a este país, totalmente descoñecido e improbable, pois algún Knut puidese ser sueco, e o Tellanken sería máis ben finés —velaqué un singular híbrido—; en canto ao apelido Svaden, infórmannos que non ten visos de ser palabra danesa; falamos agora dos “suecos” Triggvason e Sigmundon, apelidos que para nada entroncan na antroponimia dese país, e si que o fan coa islandesa, ao contrario que os nomes Erik e Frank. Diante destas informacións podemos confirmar con total seguridade que estes poemas e poetas veñen da man do “escandinavo” Álvaro Cunqueiro. O mindoniense xerou, xa que logo, uns híbridos creados a partes iguais pola bagaxe das súas lecturas “nórdicas” e mais polo seu carácter de gran fabulador: así como imaxinou a Bretaña a partir dun mapa para as súas *Crónicas do sochanre*, tamén creou uns autores conforme á antroponimia nórdica que controlaba desde as súas lecturas e traducións.

En segundo lugar falemos da parella de autores romaneses: Decio Arveanu e Eliano Ardeanu. O profesor de romanés da Universidade de Santiago de Compostela, Cristian Ionescu, confirmounos que non hai constancia da existencia de tales poetas, e do mesmo xeito responderon a revista *Romania Literara* e mais a *Fundatia Culturala Româna*. Engade o profesor, ademais, algunhas precisións lingüísticas: os nomes en romanés nunca serían Decio e Eliano, senón Deciu e Elian. Estes datos sobre os nomes —de non seren improbables erros tipográficos— semellan confirmar a teoría de que Cunqueiro compuña estes outros poetas de seu, por dicilo dunha maneira profana, de ouvido, como corresponde a alguén que gustaba de tomar unha cousa de aquí e outra de acolá para facelas logo propias, singularmente propias.

No último estadio xeográfico imos dar conta do grupo de autores máis numeroso, os “cunqueiros” italianos. Destes autores tampouco non atopamos referencia ningunha en fonte escrita ou na rede, mais debemos ser algo máis cautos á hora de atribuírmos a súa autoría a Álvaro Cunqueiro. A razón non é outra que a imposibilidade de asegurarmos

que estes poetas sexan italianos ou escriban nesa lingua. Unha primeira ollada a estes nomes semella evidenciar a adscripción destes poetas ao sistema literario italiano, mais o feito de os italianos emigraren e establecérense fóra do país creando comunidades bastante estables, nomeadamente en América, fai que debamos ser algo máis prudentes ca nos anteriores casos. A esta dúbida razoable cómpre engadir que nos poemas de Marjolana e Buoncompagni aparecen os libros de onde foron tirados os poemas, mais os seus títulos están tamén en galego e non lles sabemos polo tanto a lingua orixinal con certeza, de esta existir. De Enzo Carletti non temos a referencia de ningún libro, mentres que de Bariolim (tamén buscado coma o máis común Bartolini, por se houbese un erro tipográfico) si podemos certificar a identidade italiana —cando menos identidade lingüística— pois se nos remite ao libro *Elegie di Croton*, e no caso de Cantalupo tradúcese “do italián”. Ante estes datos cómpre sermos algo máis cautelosos, aínda que todo parece indicar que é Cunqueiro quen está detrás destes poetas. Para descartarmos a súa existencia —cando menos de seren italianos, como así semella— comprobamos tamén distintas fontes escritas<sup>3</sup>.

## Os poemas

Xa por fin vou presentar estes poemas que pasan a formar parte coñecida dunha obra poética que vén sendo estudada como cimeira da lírica galega do século vinte, e á que hoxe esperamos achegar novos matices que de seguro alegrarán a aqueles que nos emocionamos coa escrita do mindoniense.

Os poemas decidín agrupalos segundo a orixe xeográfica dos alófonos, e non cronoloxicamente —malia aparecer a data de publicación en cada un deles—, e transcribinos tal e como se len no *FV* —ao igual cás anotacións a pé de poema— sen ningunha modificación ortográfica para recrearmos con maior fidelidade o orixinal ■

<sup>3</sup> *Dizionario critico della letteratura italiana*, UTET; *Historia de la literatura italiana*, G. Petronio; *Letteratura e industria*, Leo S. Olschki; *Letteratura italiana*, Einaudi; *Letteratura italiana*, Marzorati; *Storia della civiltà letteraria italiana*, UTET; *Storia della letteratura italiana*, Garzanti; *Storia della letteratura italiana del Novecento*, Spagnoletti; *Storia della letteratura italiana*, Salerno editrice (VIII, XIX); *Storia generale della letteratura italiana*, Federico Motta Editore.

## Escandinavos

### Suecos

---

ERIK TRIGGVASON  
*Ainda non sei para que...*

Ten de haber por ahí xente  
á que lle sobre un pouco de tempo da sua vida,  
e podería darlo a mín, que esgoto o meu  
deitado na miña sede, a carón da area quente  
e do esquelete do cervo que coidaba  
que ao norde había fontes de auga fresca.  
Os meus ollos xa non saben distinguir un arbore no outono  
dunha muller que se ergue do chan  
despoixas de ter parido un neno louro  
e o levanta sober da sua cabeza.  
Non diferencio as falas nin os ventos  
e teño xa esquencido o colo da miña nai  
e a Katty, á que biquei nunha orella e chorou.  
Morrendo, pido unha esmola de tempo  
aínda que non sei para qué...

De *Vidas e mais vidas*  
Traducido do sueco por Manuel M.<sup>a</sup> Seoane  
FV 21-VI-1970

FRANK SIGMUNDSON  
*Tantos camiños busquei*

Non pra volver á miña casa  
senón a aquela vila refranada no vello libro,  
deitada na chaira poeirenta, arredor dunha torre,  
muitos camiños busquei, entrei e saín por laberintos  
e na boca da cova saudei á Polar.  
En lixeiros veleiros pasei o mar con ela.  
E sempre eu, libre e virxe, entre as rapazas núas  
sob as pontes de ríos sin nome,  
ou ás portas dun burdel, co meu gorro roxo,  
por curiosidade de ver mulleres tan usadas.  
Eu soñaba aquela vila do vello libro  
en días de vendima, cando entran néla  
os burros negros con canastros cheos de astros.  
Xa somentes con pasare dúas follas mais no libro,  
eu atopábame na adega catando viño roxo.  
Un solene calor enchíame i eu chegaba  
a sere un rei acolá embaixo,  
agallopando á sombra das abidueiras.

Pro, verdadeiramente, soñaba con aquela vila  
porque nóna había,  
i eu vivía nunha illa chamada Tulé,  
de oficio remendador de redes, vinte anos, coxo e solteiro.  
O libro chegara a Tulé pólo mar, nunha botella.  
Cousas que lle acontecen aos soñadores.

Tradución do sueco de Manuel M.<sup>a</sup> Seoane  
do libro *O soñador en Tulé*  
FV 18-VIII-1970

---

Daneses

---

ARGRET SVADEN

*O tempo dos probes*

Os probes teñen muito mais tempo que os ricos  
—e tamén mais frío, mais fame, mais soedade,  
mais choiva, mais sol, mais lúa, mais vento.  
Coñécense entre eles, e teñen unha fala propia  
feita de medo e de raiba, humilde na coda  
e por dentro chea de dentes afiadados.  
Entre os probes da miña illa aprendín  
que cando morre un neno, a xente esquece a fala,  
e soio ao día seguinte volven aprender a falar,  
primeiro os outros nenos, logo a nai, logo os cás.

Traducido do danés por M. M.<sup>a</sup> Seoane  
de *As outras vidas*  
FV12-VII-1970

ARGRET SVADEN

*A nao de Sigvar Sigvarson*

Imos, falcón da ribeira, do mar maior!  
Pintei unha serpe de ouro na miña vela  
e no meu peito tatuáronme o nome do meu can,  
Sok, o meu can de pastor, o que garda o meu rebaño.  
Quero, cando eu vaia pólo gran mar  
e non vexa terra ao leste,  
que os meus guerreiros lean no meu peito  
o nome do meu can, eu tumbado nun leito de coiros,  
botando unha soneta, pro ouvindo decir ¡Sok!  
e soñando cos pasteiros de Bjora, onde o meu can  
axunta o rebaño á noite, e ladra contando  
as pardas ovellas entrando no cortello,  
namentras manseliño folerpa.  
E a miña nave navegando por ribeiras  
de sol, limoeiros, viñas e oliveiras.

Traducido do danés por M. M.<sup>a</sup> Seoane  
de *As outras vidas*  
FV12-VII-1970

---

Islandeses

---

KNUT TELLANKEN

*Aqueles outros ríos*

Nado nunha illa pequena, penascosa,  
eu nunca ollado tiña un río, pro soñei un cento.  
No mapa da escola eran veas azúes.  
E cando por primeira vez un río,  
correr a i auga escura por entre salgueiros, vin,  
e pasar sob unha ponte de oito arcos, chorei,  
namentras o chamaba pólo seu nome,  
doce coma un nome de muller.  
E do río xurdíu aquela do loiro cabelo,  
e pondo un dedo sober dos seus beizos  
dixome: Cala, e nóno despertes,  
vaite axiña, non te bañes nas suas augas,

que che xantará o mirar.  
Que nada hai que lle goste tanto a un río  
coma un mozo estranxeiro cos ollos virxes  
de ollar ríos!  
E a fermosa aloumiñaba o lombo do río  
coma si se tratase dun boi ben cebado.  
Coma miña nai o lombo dun boi na eira da casa  
denantes de que os criados saísen con íl pra feira das  
quendas de maio.  
Aqueles outros ríos azúes dos soños e do mapa  
ónde estaban, ónde están, fermosa do loiro cabelo,  
Lorelei, Lorelei, que me salvache a vida?

Tradución de M. M.<sup>a</sup> Seoane  
da inglesa de W. S. Potter, do islandés  
FV27-IX-1970



Romaneses

DECIO ARVEANU

*Cando se fina un home*

Cando se fina un home, morre unha cidade.  
 Vaise íl, pro non soio.  
 Leva soños, verbas, desexos que foron, bicos,  
 tristuras, amistades, grandes risadas. Todo isto  
 no fardelo que lle foi dado.  
 Pro tamén leva dos outros:  
 o aroma de aquel recuncho, aquela hora  
 de sol de inverno na praza, a fonte  
 sob os plátanos, o cheiro de mel da confiteiría, uns  
 ¡bos días, señora Pepa!, i-ela sorrindo, gorda;  
 a discusión no Comité: ¡eu estou póla  
 mellora do gado mouro! Non sabía por qué.  
 Il amaba unha certa paisaxe, unha certa  
 forma das estrelas, i-as herbas, i-o canto do galo,  
 unha certa voz nos homes, i-unha color nas vacas.  
 I-a cidade —o mundo— decía: Mijail estame vendo tamén.  
 E seguía, seguían as horas, as estaciós, os séculos.  
 O mundo, porque alguén o miraba, seguía indo.  
 Pro un día calisquer cen Mijail morren  
 i-o mundo acaba, perdido, soio, sin que ninguén o olle  
 amorosamente, como é debido.

Tradución de A. Labrada  
*FV*, 9-VIII-1964

ELIANO ARDEANU

*O vagabundo*

Metín tódolos meus días nun fardelo mendado  
 e boteime a andar.  
 Eu mesmo faguia os camiños que me levaban  
 lonxe, mais aló dos bosques,  
 póla beira do mar, pólo mar mesmo.  
 E no fardelo, a carón dos días meus,  
 —infancia, mocidade, madurez, vellice—  
 iban metendo o pan das esmolas.  
 Algunha vez o pan aínda estaba quente i ó tocálo  
 resucitaba un día de meu no que, mociño,  
 ollei unha dona fermosa que collía frores no xardín.  
 No sur, agasallábanme con vasos de viño.  
 Pro, xa é tempo de volver. Canso, e xa non sei soñar.  
 Coma un trobo rachado por un raio,  
 Xa non enxamian as abellas no verán  
 dentro de min. Soños non hai nin inquedanzas.  
 Na vella casa farei lume, e contareille ás chamas  
 como é que morre un vagabundo.

Tradución do rumán de M. M.<sup>a</sup> Seoane  
*FV* 23-XI-1969

Italianos

ENZO CARLETTI DA MURONA

*Eu quixera ter as voces*

Eu quixera ter tódalas voces,  
 as que sirven para decir amor.  
 A voz da nai que dende a fiestra  
 adeus dí ó fillo que vai pro mar.  
 —I-a voz da nai, que dende a porta,  
 ¡benvido sexas! Dí ó fillo que ven do mar.  
 E tamén ó home, ou ó amante.  
 Pra decir amor ten que haber voces como de bosque  
 ou de río en fervenza, e deloutras  
 soaves coma unha pel soave.

A voz de Francisco pra decir amor a toda cousa  
 e voces de amor carnal, cáseque salaios.  
 I-a final, cando tivera tódalas voces,  
 —adeus, namorada miña, que vas a mondar  
 arroz nas lagoas, adeus, dama de Duino  
 que choras bágoas de ouro i-encaixe de Venecia!  
 a final, digo, ser dono disa voz segreda  
 que somentes un ouvido escoite,  
 que ven coma ven a noite,  
 sin saber de onde,  
 vestíndose a sua chombra de estrelas.

Traduciu M. M.<sup>a</sup> Seoane  
*FV* 10-VII-1966

ANTONIO BARIOLIM

*Os rizos da señora Mac Kenzie*

Pásaste tódolos días faguendo rizos  
i-enrolando o teu cabelo con forquiñas,  
fusos de cartón e bigodís.  
Ainda que seña festa ou domingo.  
Non hai hora do día ou da noite  
que non esteñas nista laboura,  
mortificándote na tua casa,  
na que da o sol e ten un patio froldo.

Soio cando Alberte te chama,  
te abraza,  
e mete a sua ancha man  
nos teus rizos, e desfai toda a obra,  
namentras te bica na boca aberta  
nun aloumiño salvaxe.

Qué supremo omenaxe  
che adica, ouh Eros!  
o amor!

Das *Elegie di Croton*  
Tradución de M. M.<sup>a</sup> Seoane  
FV 12-III-1967

CARLO DA MARJOLANA

*Xa foi a terra*

Xa foi a terra, xa non é.  
Ou mellor dito, foise a terra,  
quizaves pólo áer, quizaves póla mar.  
—nuben e illa deberían ter  
a mesma definición nas xeografías.

Xa foi a terra. Dende onde vivo prisoeiro  
non podo dar testimoño de que haxa  
arbres, pasteiros, rios, montes,  
o deserto de Arabia, i aquela chaira  
lamagosa, onde nun outeiro estaba o pobo en que nascín,  
e de onde ollaba coma o Adigio iba pro mar.

Cemento e cemento, ferro e ferro. Soio.  
Pro, é cando voa unha anduriña i eu sei que é abril,  
ou cando chove, ou cando neva,  
podería eu decir que non hai terra, que xa foi,  
que é cousa de historia, dende a fiteira  
da celda de cemento na que vivo?

O poema é de Carlo da Marjolana, de *De cando vivía soio* (1958), na cadea de Rusia.  
A tradución do poema é de Manuel M.<sup>a</sup> Seoane  
FV 15-II-1970

ENZIO BUONCOMPAGNI

*Os tres reises*

Melchor estaba agardando  
a Melchor e Baltasar.  
Fixeron lume nun alto  
y amecéronlle pedras preciosas.  
—Sete verbas de ouro dixo un,  
sete de incenso dixo outro,  
sete de mirra dixo o mouro,  
i os tres a un tempo outra segreda,  
que así se fai, cun lume aceso,  
unha estrela.  
—De qué parte cae o mundo?  
Preguntábanse os tres.  
a estrela alumeaba no ceo.  
—Aí!, de qué parte caerá Belem?  
E un rapaz que collía molime  
escoitounos e riuse e berroulles:  
—Mira que tres sabios de Oriente,  
mira que tres Magos de pimpirimpel:  
déixense guiar póla estrela,  
e xa chegarán a Belem.  
E o rapaz deixou o molime  
e brincando botouse a andar,  
e chegou a Belem denantes  
que Melchor, Gaspar e Baltasar.

Do *Libro das cousas sinxelas*  
Traduciu Manuel M.<sup>a</sup> Seoane  
FV 27-XII-1970

GIORGIO CANTALUPO

*Dende aquelas fiestras*

Si aquela muller, naquela fiestra,  
fose unha muller nova e fermosa,  
e tivese unha vista tal que poidese  
contemplar o meu rostro, e decatarse  
de canta fame de amor teño!  
Xúrovos que non poido vivir sin muller!  
O mesmo can meu, que me lambe os pés, o sabe.  
Pro, por qué iba a ter ela esa diviña ollada,  
que deixa ver de fiestra a fiestra,  
a traveso da ancha praza, i ela non ten amor,  
i eu, en troques, que teño todo o amor do mundo,  
non poido ver xiquer, sober dos castiñeiros de Indias,  
si ela é nova, si é fermosa?  
E si chora cando eu choro, corazón, corazón valeiro.  
Por qué non haberá, ouh Deus!, isas miradas?

De *Ninguén ensina a soñar*, o seu derradeiro libro (1970)  
Tradución do italiano de Manuel M.<sup>a</sup> Seoane  
FV 17-I-1971

## Referencias bibliográficas

- Álvarez Pousa, L.** (1991). “Álvaro Cunqueiro: xornalismo de autor”, en Salgado e Vilavedra 1991: 579-592.
- Armesto Faginas, X. F.** (1987). *Cunqueiro: unha biografía*. Vigo: Xerais
- (1991). “Cunqueiro periodista” en Salgado e Vilavedra 1991: 555-562.
- Costas González, X. H.** (1991). Ed. de *Herba aquí ou acolá*. Vigo: Galaxia.
- Fernández del Riego, F.** (1991). *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*. Vigo: Ir Indo.
- Figueroa, Antón** (2001). *Nación, literatura, identidade*. Vigo: Xerais.
- González Cerezas, M.** (1991). “Retrato a contraluz de un periodista” en Salgado e Vilavedra 1991: 563-570.
- González Gómez, X.** (1990). *Álvaro Cunqueiro, traductor*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- (1991). *Flor de diversos: escolma de poetas traducidos*. Vigo: Galaxia.
- (2003). “Traducións de poetas cataláns por Álvaro Cunqueiro e outras curiosidades” en *Actas do Congreso Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas* editadas por Cerdà, Martínez-Gil e R. Vega: 133-164. Sada: Edicións do Castro.
- Nicolás, Ramón** (1994). *Entrevistas con Álvaro Cunqueiro*. Vigo: Nigra.
- Pazos Balado, M.<sup>a</sup> C.** (1991). “Álvaro Cunqueiro traductor” en Salgado e Vilavedra 1991: 89-100.
- Salgado, X. M. / Vilavedra, Dolores** (1991). *Álvaro Cunqueiro*. Santiago: Xunta de Galicia.